Parroquias de Redondela

CESANTES

Lola Míguez



© do texto, Lola Míguez
© do cadro, Ángel Barros

Edita: Servizo de Normalización Lingüística

Revisión lingüística: Xurxo Martínez González
Deseño e maquetación: David Rodríguez Rodríguez

Imprime: Imprenta Amador Pérez
Dep. Legal: VG 588-2018

Parroquias de Redondela

CESANTES

Lola Míguez

Aluzada petaba timidamente na ventá do seu cuarto. Ergueuse; espreguizouse e saíu á solaina. Respirou con forza aquel aire con sabor a eucalipto e piñeiro. Sentou nun dos tres chanzos da escaleira de acceso á casa e pensou na importante decisión que tiña que tomar.

Agora era dono daquela vella casa na que tan bos momentos pasara cando neno, correndo libremente por Monte Gordo, xogando ás agochadas nos restos dos fornos da antiga fábrica de tellas e tixolos que estivera en funcionamento até os anos trinta do século XX e na que o seu avó traballara toda a vida.

Da Telleira case non quedaba xa nin a súa presenza; as matogueiras, silveiras, mimosas, piñeiros e outras árbores e arbustos enchían o espazo agochando un pasado artesanal ben importante social, económica e culturalmente. Pouco podían facer os veciños que se negaban a esquecer a memoria do lugar se os gobernantes o ignoraban e permitían que esa parte da historia cesantina caese no esquecemento.

Entrou sen présa na cociña. Sentía buligar a fame no seu ventre avisando da hora do almorzo. Verteu un pouco de leite nunha xerra e meteuno no microondas que mercara o primeiro día da súa chegada a Cesantes. Botou un pouco de café nunha cunca e engadiu o leite morno; tirou dunha gabeta da lacena un anaco de pan do día anterior e sentou pausadamente, desfrutando do momento. Como lle gorentaba aquel almorzo!

Recolleu todo. Aseouse e vestiuse. Sentía a necesidade de andar, de sentir o aire puro e fresco da mañá batendo na súa face, facéndolle sentir que estaba vivo.

Saíu da casa, pechando a porta con forza e gardando a chave no peto do pantalón. Baixou polo carreiro en dirección ao camiño da Praia Vella sen poder afastar os ollos daquela extraordinaria paisaxe que pousaba aos pés do monte: a enseada de San Simón. As bateas na marxe esquerda da ría, coa ponte de Rande como marco sobreprotector xunguindo a modernidade e a tradición. A rapidez das vías de comunicación, a tecnoloxía, a enxeñería industrial. As plataformas de madeira pousadas durante tantos anos na tona do mar gardando mexillóns e outros moluscos; os mariñeiros nas súas gamelas largando ao mar aparellos

esperanzados de fartura. Progreso e tradición acaroados.

Lonxe deixaba unha vida de apuros, de desacougos, de individualismos, de incomunicación… pero folgada economicamente. Abríanse agora diante del dous carreiros e a obrigada opción dun dos dous non estaba demasiado clara. Atrás campaba unha vida de estrés, inzada de sobresaltos, co apuro do traballo, o cumprimento de obxectivos, mais… diante anunciábase unha vida incerta economicamente pero sosegada, pausada, natural, libre…

Os seus antergos foron quen ordenaran o pasado e agora mandaban no futuro. O seu avó Joaquín chegara,

con 38 anos, ao porto da cidade de Buenos Aires en novembro de 1924 no barco Artus, na procura esperanzada de trocar o presente fanado dos seus nun futuro vizoso. Mais cando a sorte daba en sorrir para Joaquín, falece a súa muller Narcisa. Tempo despois, o 19 de agosto de 1942, baixaría do barco Vera Cruz, no porto da cidade de Buenos Aires unha moza triste e angustiada, na procura do afecto roubado pola emigración: Rosa, filla de Joaquín e da finada Narcisa.

E xa non houbo volta atrás. O rodicio xirou durante anos. Buenos Aires foi o seu berce, mais na súa casa sempre estaban presentes os lugares, a lingua, os costumes da terra dos seus devanceiros. As súas raíces. Os momentos máis prezados da infancia pasaran naquela casa de Monte Gordo, ao carón da Telleira, naquela casa familiar na que naceran o seu avó Joaquín e o seu irmán Juan; aquela casa que pasara a ser propiedade do seu tío-avó Juan e que agora lle pertencía a el. Naquela casa adoitara pasar xunto coa súa nai moitos meses de agosto e setembro, cando el era pequeno.

Juan e María, a súa muller, non tiñan fillos e querían a Rosa como se en verdade fose filla deles. Polo neno sentían unha devoción especial que facía sentir a Elías como o auténtico neto:

— Elías, vén. Hoxe voute levar a coller carallotes.

Que risa lle daba ao cativo aquela palabra: carallotes! E alá ían, á Barra. E non só botaban carallotes, tamén berberechos, ameixas babosas, rubias, algunha fina, al-

gún reló, e até patelos que a tía avoa María cocía con auga, sal e loureiro e que, cando morría a tarde, comían nunha pequena mesa no patín da casa sentindo o vento fresco e salgado que o serán parecía traer do mar. Mentres comían, falaban e rían. Elías albiscaba curioso as mulleres mariscadoras que, coma o mar, bravas e doces asemade, se dirixían ás escolleras a limpar o argazo.

Fregou os ollos para afastar aquela lembranza. Descalzouse e, cos deportivos na man, botou a andar, deixando atrás a Praia Vella, o peirao, a pequena lonxa, encamiñando os seus pasos cara á Punta. Os pensamentos bulían confusos na súa cabeza. Case sen se decatar, chegara xa ao lugar onde antano estaba o estaleiro de Loureiro e un chisco máis adiante, á esquerda, deitadas

no colo da ría, as illas de San Simón e Santo Antón, impoñentes, máxicas, engaiolantes…

Estrañamente, na praia non había ninguén. A mañá ía esmorecendo ó compás da marea que devalaba por riba do argazo. Os chíos das gaivotas e o cheirume salgado do vento baténdolle na cara transportárono a tempos ledos, a afastados outonos nos que os mariñeiros viraban as gamelas sobor da area e raspaban alegremente os fondos inzados de arneirón. Por veces pechaba os ollos e parecíalle escoitar vivamente as gargalladas do avó, do tío-avó Juan e doutros dous mariñeiros amigos seus cos que adoitaban xuntarse cando a tarde daba as boqueadelas. O cheiro a brea confundíase co que desprendían os cigarros sen filtro

daqueles homes que, aínda sen selo, sempre lle pareceron vellos.

—Ei, Juan, seica onte te bañaches coa túa María, á lus nidia da lúa. Ao natural, Juan? Como a ti che ghusta, eh!

O tío avó Juan ría, e asentía, e gozaba lembrando as noites de lúa chea, arrolados polas lenes ondas do mar que aloumiñaban os seus corpos espidos. El e a súa amada dona, saboreando lenturentos beixos salgados, bebendo un do outro nunha aperta inmensa como se quixesen apreixar aqueles intres ditosos para toda a vida. E alí tras deles, como unha sentinela cómplice, a illa, testemuña calada daquel inmenso amor.

Elías sorriu lembrando aquel intre. Agora non había lúa, non era noite, non había amor. Tan só estaba el consigo mesmo, nunha loita interna que non sabía como resolver. Sentou nun con e tirou do bolso do pantalón o tabaco. Fumou con parsimonia ollando a estatua altiva de pedra do capitán Nemo e dous dos seus buzos que, cos escafandros postos, procuraban cobizosos o tesouro da Batalla de Rande perdido no fondo da ría.

Tamén Verne –pensou– se sentiu fascinado pola fermosura do lugar. Diante del o lazareto que, nos tempos da desgraciada e desastrosa Guerra Civil, fora cárcere que escoitara e vivira tristes e emocionantes historias daqueles aos que lles roubaran o dereito a pensar e vivir en liberdade. Sacouno dos seus pensamentos a calor do cigarro que se consumía entre os dedos. Tirou a cabicha na area mollada e púxose de pé cunha idea clara: gozar

daqueles días en Cesantes. Adiaría a decisión, non pensaría nela; unicamente gozaría da súa estadía en Redondela. A decisión tería que agardar.

Ía xa para o mediodía e aínda non tomara o café acostumado, así que decidiu enfilar o camiño de subida a Outeiro das Penas e buscar un bar no que reporse de tanta andaina e de tanto cavilar. Chegou case sen folgos á estrada xeral e virou para a dereita: sabía que a poucos metros había un par de cafetarías.

Non puido deixar de pararse naquel peto de ánimas, o peto da Macarella que, sendo cativo, vía ao pasar en coche camiño de Pontevedra. Seguía coma sempre, cheo de velas e algunhas flores.

Que fermosas eran aquelas mostras de arte popular: os petos de ánimas que situados nos bordes de camiños, de estradas, de pequenas prazas nos facían sentir a presenza dos que xa non están, desas nosas almiñas ás que suplicamos velen por nós. Ou os cruceiros, chantados nas encrucilladas dos vieiros, que supón nos guían no camiño a seguir. Mágoa que algún deles permaneza invisible ante a ollada dos gobernantes que non velan pola súa conservación! –pensou. Cesantes tiña varios cruceiros: no adro da igrexa, no torreiro, no eido reitoral, no camposanto… e un na propia enseada de San Simón, nun illote de nome San Norberto, pero popularmente coñecido como o cruceiro do Cobreiro.

Apartou da súa cabeza as imaxes dos cruceiros e seguiu andando deica atopar a cafetería. Entrou e, mentres se dirixía ao lavabo, pediu un café con leite e un croissant. O paseo producíralle fame. Sentou nun tallo

na barra, a carón de dous homes que falaban como se non houbese ninguén máis alí:

—E logho, quen dis que foi?

—Un fulano da familia Fernández López, aquela que fixera a plantación de kiwis no Convento do Coto, onde hoxe está o club hípico.

—Ai, si, seica foi a primeira plantación de kiwis que houbo en España.

—Si, ho, o meu fillo máis novo, cando era a época de apañalos, ía e paghábanlle ben.

—Desde logho, e pensar que alí seica houbo un convento de frades franciscanos que escaparan da illa de San Simón cando chegharan os franceses.

—Ai, ho, eu diso non che sei nada. Pero vouche ao

conto. O caso foi que o fulano ese é fotógrafo e seica subiu ao campanario da ighrexa porque desde alí, parece ser, se toman as mellores fotos de toda a enseada. O ghicho subiu pero case queda no sitio: deulle un mareo e bateu contra a pedra. Tiveron que chamar a ambulancia porque seica deu en sangrar que non había xeito de paralo. E a ambulancia aínda tardou en vir porque na Pantalla houbera un accidente e fixérase un atasco terrible…

Os homes continuaron falando, pero Elías xa non lles prestaba atención. Agora no seu maxín estaba el, vestido de mariñeiro, no adro da igrexa de San Pedro, cos nervios ilusionados, pensando que no momento da comuñón se ía producir un milagre, que Xesús ía penetrar dentro súa, que notaría algunha cousa estraña… Maila decepción seguiu ao momento da comuñón: non sentira nada, non sucedera nada… Sentíase enganado, rabioso; toda a noite sen pegar ollo, pensando no gran día e… nada, non pasara nada.

Acabou de tomar o café; pagou e saíu do bar. Comezaba a ir calor e cumpría iniciar o camiño de volta. Decidiu ir a carón da estrada xeral: coller polo Areeiro, polo camiño portugués a Santiago (aínda que claro está, ao revés). Baixou toda a costa do Pereiro e chegou até a Pantalla. O seu avó contaba que Flora, a muller que tiña a casa que estaba detrás deste "monumento" ás obras realizadas nas vías públicas, estaba rabiosa contra el porque había moita xente moza, e non tan moza, que

cando ninguén os vía tiraban pedriñas á parte alta da "pantalla" pétrea pois, se quedaban alí e non caían ó chan, casarían co seu amor. Era unha lenda que moitos cristais seica fixo cambiar á pobre Flora que, por veces, cando estaba na cama, levaba un bo susto ao sentir bater con forza nos vidros da ventá do seu cuarto.

Canso xa do trafego de tantos vehículos que pasaban á súa beira, decidiu cambiar o camiño e continuar pola estrada vella. Non puido evitar deterse diante daquela casona –hoxe reconvertida en restaurante– na rúa Pantalla, porque a modernidade da súa construción naquel entón, e aínda hoxe, lle causaba sensación. Lera nalgún sitio que o proxecto fora promovido por un emigrante no Brasil e que quen trazara os planos en 1956 fora o arquitecto Emilio Bugallo Orozco.

Os ladridos dun can procedentes dun eido próximo conseguiron que de xeito instantáneo botase a andar de

novo. Cruzou a vía do tren e seguiu baixando, outra vez, a carón da estrada xeral. Atordoábao o ruído incesante dos coches e o desagradable vento con sabor a fume e gasóleo. Por iso decidiu atravesar a estrada e baixar por un carreiro que levaba ao campo de fútbol do Choco. Foi por detrás das instalacións deportivas, seguindo a canle do río Pexegueiro. Atravesou aquel paso de pedra sobre o río e sentou baixo daquelas árbores que ensombrecían fermosamente o lugar.

Estaba canso. Precisaba acougar un chisco. O lugar non podía ser máis propicio. A auga do Pexegueiro discorría lene e silandeira, sen présa por se xunguir ao seu irmán maior, o Alvedosa. O vento non se facía sentir, posiblemente para non molestar o baile e o canto dalgúns paxariños, probablemente piscos, agochados entre os xuncos e as árbores protectoras, no pouco que quedaba daquel sitio engaiolante e feiticeiro antes de que se lle roubase o seu lugar á auga.

Non foi consciente do tempo que estivo naquel lugar nin tampouco de cando botara a andar de novo. Chegou á casa xusto á hora na que adoitaba comer. Buscou no frigorífico un par de ovos; fritiunos e comeunos acompañados dun anaco de pan reseso. Tumbouse no sofá e quedou durmido. Cando espertou xa pasaba das cinco. Ergueuse axiña e foi ao lavabo. Refrescouse, colleu unha chaqueta e saíu apurado. Quería ir deica o peirao de Cesantes e saber se podía acompañar o vixiante da illa ata San Simón; oíra a alguén no bar no que estivera pola mañá que esa tarde o

vixiante iría sobre as cinco e media ou seis da tarde, que era cando estaba a subir a marea.

Cando chegou ao peirao, case non lle quedaban folgos. Preguntou a un mariñeiro que estaba amañando algo nunha gamela se o vira. Este respondeulle que xa levaba alí máis de unha hora e aínda non aparecera. Elías acougou un pouco. Non sabía ben porque tiña aquelas irrefreables ganas de visitar a illa, pero era unha sensación que turraba del con forza.

Ían dar as seis cando chegou o vixiante. Elías deuse a coñecer e preguntoulle se lle permitía ir con el na lancha. O vixiante accedeu, mais informouno de que non podería volver até as 9, que era cando a lancha viña buscalo. A Elías pareceulle estupendo.

Pouco tempo pasara cando a lancha arribaba ó fondeadoiro principal. O vixiante e Elías apuráronse a desembarcar, pois o patrón da lancha tiña que regresar. Sentiuse nervioso cando turraron pola porta de ferro e accederon ao interior da illa. Elías pediulle permiso ao vixiante para deambular libremente polas illas. Este asentiu.

Non quixo saber máis nada. Botou a andar respirando en profundidade aquel aire limpo e fresco que deitaban as árbores e o mar. De cando en vez abría a boca para aspirar fondamente aquel arrecendo; quería impregnar con el o seu interior e asemade o seu exterior: a pel, o cabelo, os pulmóns, o corazón… todo o seu ser. Pisaba suavemente a herba do xardín e ollaba respectuoso as sebes que rodeaban o fermoso edifico Stella

Maris. A música e a letra da cantiga de Mendiño soaba tímida pero constante na súa cabeza cando entrou na capela. Sentíase pequeno coma o santo e desacougado como a doncela da cantiga que suplicaba a chegada do barqueiro para liberala da dor de amar, dese marabilloso amor que, ao non ser correspondido, a faría morrer. Tamén el precisaba un barqueiro que o salvase daquela incógnita coa que vivía.

Botouse fóra da capela e moi devagariño atravesou o fermoso paseo de buxos deica chegar ao pequeno miradoiro da bocana da ría; sentou no muro desfrutando daquelas impresionantes e fermosísimas vistas da enseada de Rande e da entrada na ría de Vigo. Ao lonxe enxergábase un neboeiro que galopaba desde Vigo en dirección a Cesantes. Notou un arreguizo nas costas e

vestiu a chaqueta. Sacou do peto do pantalón un cigarro. Necesitaba fumar. Necesitaba pensar. Necesitaba decidir. Non sabería precisar canto tempo pasou así, sentado, cismando no seu futuro.

Cando ollou o reloxo, ían ser as oito do serán. Púxose en pé e continuou andando. Atravesou a ponte de pedra que separaba a illa de San Simón da de Santo Antón e pensou na súa época de lazareto. Por un momento viu eses dous mundos que vivían próximos e illados asemade: o mundo de San Simón, o dos que parecía tiñan curación, o daqueles aos que agardaba un futuro esperanzador; e o de Santo Antón, o mundo daqueles desafiuzados, aos que xa non lles quedaba futuro. A ponte de pedra, rexa, dura, insensible… separaba aqueles dous mundos. A ponte de sentimentos, de vacilacións, de dúbidas… afastaba tamén os dous mundos de Elías: o da emigración forzada e o do regreso arelado.

Ao fondo da illa de Santo Antón estaba o cemiterio. Un artista esculpira sobre da herba pisadas de pedra daqueles que ollaban saudosos un tempo de liberdade. Puxo os seus pés enriba das pegadas de pedra e sentiu-se como aqueles presos aos que privaban de liberdade nos tempos da ditadura porque non eran quen de lles arrincar os seus ideais.

E entón sóuboo. A decisión por fin chegara. Non quería ser preso dunha sociedade capitalista, preocupada por atesourar logros económicos, recoñecementos sociais… Non quería seguir un vieiro que outros lle marcaban. Quería ser el o dono do seu tempo, da súa persoa; da súa vida. Pensou -xa na viaxe de volta- que, se cadra, preto do mar atoparía unha María ou unha Narcisa á que amar.

Todas as imaxes pertencen ao arquivo fotográfico
de José António Orge Quinteiro.

Reprodución do cadro de Ánxel Barros
empregado na capa deste libro.

R